



LUÍS TEIRA PARADA, Concelleiro do Grupo Municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno Municipal e ante o Alcalde en relación coa **demanda de medidas sobre os actos vandálicos na parroquia de Palmeira.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos na parroquia de Palmeira véñense acometendo unha serie de actos vandálicos- pintadas, deterioro de mobiliario urbano, etc.- producido por un grupo de xóvenes da localidade.

Ademais dos actos vandálicos estanse producindo acontecementos negativos para a seguridade vial: vehículos que circulan a gran velocidade en rúas estreitas e logo fan trompos na explanada do porto.

Nos últimos días saíron recollidas na prensa varios denuncias verbais de cidadáns de Palmeira sobre este tema e que se lle debería dar pronta solución.

Estas cuestións non son só unha manifestación de rebeldía xuvenil, xa que están poñendo en perigo a integridade física dos viandantes das rúas palmeirenses.

Ante isto o grupo municipal do BNG de Ribeira

SOLICITA:

Que o **concello de Ribeira tome as medidas oportunas para que se eviten os actos vandálicos e se garanta a seguridade dos peóns nas rúas de Palmeira.**

Ribeira, 11 de Abril de 2010

Asdo.: Luís Teira Parada
Concelleiro do BNG de Ribeira